



falaRedes
programa de dinamización lingüística

OS BOLECHAS. DE CHISPA A TATÁ, IMOS DE MORAÑA A ZAS

Os seis irmáns Bolechas e o can Chispa non podían faltar á súa cita co FalaRedes. Aquí chegan, un ano máis, os máis divertidos referentes galegofalantes para percorreren este outono 21 localidades galegas cunha actividade familiar e participativa.

A familia animada máis famosa de Galicia estarán presentes de novo no programa de dinamización lingüística FalaRedes, organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, en colaboración coas entidades que forman parte da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) da Xunta de Galicia.

Tatá, Sonia, Braulio, Loli, Pili e Carlos están facendo o Camiño de Santiago e paran na pousada de Eustaquio acompañados do seu can Chispa. Eustaquio acepta darlles aloxamento a cambio de que xoguen con el a un peculiar xogo da oca que os obrigará a superar, coa axuda e participación do público, diferentes probas de habilidade física e de coñecementos culturais sobre Galicia adaptados a rapaces de 4 a 10 anos. Cultura, xeografía, gastronomía, tradicións... todo terá cabida nesta divertida iniciativa para que os nenos e nenas aprendan e se divirtan en galego, a lingua que sempre falan Os Bolechas.

Como é habitual, nesta proposta dos Bolechas para FalaRedes a participación non se limita ao día do espectáculo, senón que se amplía e ten continuidade a través das novas tecnoloxías. Durante a actividade, o público coñecerá unha palabra máxica que lle permitirá acceder ao www.osbolechas.gal/dechispaatata para seguir xogando e aprendendo e mais para conseguir ata 20 lotes dos seus libros. Tamén, comasempre no FalaRedes, a entrada é libre e de balde ata completar a capacidade das salas. Toda a información sobre a nova edición xa está dispoñible no Portal da Lingua Galega en www.lingua.gal/dechispaatata.



@Falaredes



Rede de Dinamización Lingüística

OS BOLECHAS. DE CHISPA A TATÁ, IMOS DE MORAÑA A ZAS

SETEMBRO

- Sábado 16: **Moraña**, na Casa da Cultura, ás 18:00 horas
- Domingo 23: **Sober**, no Centro Sociocultural, ás 19:00 horas
- Domingo 24: **Castrelo de Miño**, no salón de actos do Concello, ás 12:00 horas
- Sábado 30: **Barro**, na Nave da Música, ás 12:00 horas
- Sábado 30: **Caldas de Reis**, no Auditorio Municipal, ás 19:00 horas

OUTUBRO

- Domingo 1: **Castro Caldelas**, no Polideportivo Municipal, ás 17:30 horas
- Sábado 7: **Triacastela**, no polideportivo do CEIP Eduardo Cela Vila, ás 12:30 horas
- Sábado 7: **Quiroga**, no Auditorio Municipal, ás 19:00 horas
- Domingo 8: **Rianxo**, (en colaboración coa Mancomunidade Ría de Arousa Zona Norte), no Centro Social de Asados, ás 17:30 horas
- Sábado 14: **Pazos de Borbén**, no auditorio da Casa do Concello, ás 18:30 horas
- Domingo 15: **A Bola**, no Mercado de Cacabelos, ás 17:00 horas
- Sábado 21: **Frades**, (en colaboración coa Mancomunidade da Comarca de Ordes), no Edificio Multiúsos, ás 12:00 horas
- Sábado 21: **Padrón**, no Auditorio Municipal, ás 18:30 horas
- Domingo 22: **Negreira**, no auditorio do Centro Sociocultural, ás 13:00 horas
- Domingo 22: **Santa Comba**, no salón de actos do Edificio Multiúsos, ás 18:30 horas

OUTUBRO

- Sábado 28: **Arteixo**, no auditorio do Centro Cívico, ás 12:30 horas
- Sábado 28: **Zas**, no Centro Sociocultural de Baio, ás 18:30 horas
- Domingo 29: **Mos**, no auditorio do Centro Multiúsos das Pozas, ás 12:30 horas
- Domingo 29: **Bueu**, no Centro Social do Mar, ás 18:00 horas

NOVEMBRO

- Sábado 4: **Ordes**, no auditorio da Casa da Cultura, ás 18:30 horas
- Domingo 5: **Xove**, no salón de actos do Centro Cívico, ás 19:00 horas

